





GUÍA DE LECTURA-FÍSICA E QUÍMICA

Libros de experimentos científicos

Título:	Locos por la ciencia	
Autor:	Daniel Tatarsky	
Editorial:	Grijalbo	
Recomendado para:	1º-4ºESO	
Sinopse	50 trucos para pasar un anaco divertido facendo diversas experiencias científicas caseiras: auga superfría, queimar diñeiro, volcán de mentos e Coca-Cola...	
Comentario	É un libro con 50 experiencias recollidas en 112 páxinas, para facer na casa e ver fenómenos científicos curiosos. Erra algo na presentación, algo embarullada, pero ao final acostúmaste e a verdade é que están moi ben seleccionados.	

Título:	¡FUNCIONA! todo vai (III) Prácticas sinxelas de Física e Química	
Autor:	Ramón Vilalta	
Editorial:	Baia	
Recomendado para:	1º-4ºESO	
Sinopse	Experiencias de física e química par afacer no laboratorio	
Comentario	Magnífica selección de experiencias clasificadas, ao longo de 252 páxinas, en 7 bloques de contidos de física e de química. Son para facer en educación secundaria preferentemente. Está elaborado por un profesor de FeQ galego cunha dilatada experiencia neste campo.	

Título:	El gran libro de los experimentos	
Autor:	Antonella Meiani	
Editorial:	San Pablo	
Recomendado para:	1º-4ºESO	
Sinopse	Experiencias científicas para nenos. Aire, auga, electricidade, magnetismo, movemento, luz, sentido e químicas on os ámbitos nos que clasifica os experimentos.	
Comentario	É un libro onde prima a presentación: tapa dura, grandes dimensións, moita cor e ilustracións, entra moi ben polos ollos e despois propón algunhas experiencias interesantes, ao longo das súas 260 páxinas, dirixidas á xente máis nova.	

Título:	Experimentos para entender el mundo	
Autor:	Javier Fernández Panadero	
Editorial:	Páginas de espuma	
Recomendado para:	1º-4ºESO	
Sinopse	Experimentos curiosos científicos para estudiantes curiosos.	
Comentario	Outro libro máis deste divulgador científico, autor de varios libros na mesma liña, escritos coa idea de aproximar a ciencia aos máis novos. Non está mal se queres empezar por cousas sinxelas. Ten 224 páxinas e resultan bastante amenos.	